



## **RESOLUCIÓN do 9 de abril do 2021, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, de modificación da Resolución do 9 de decembro de 2020, pola que se aproba o plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira para o ano 2021.**

### **Antecedentes**

O día 28/12/2020 ditouse a Resolución da Xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a listaxe definitiva para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Cedeira, no que se inclúe a embarcación Iker (3ª FE-5-1-12).

O día 19/01/2021 notificouse os titulares da embarcación Iker a resolución do procedemento PE401F - Renovación de modalidades de recursos específicos en el permiso de explotación para embarcación, tramitado pola Xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, para o recurso específico de percebe con dúas habilitacións.

O día 26/02/2021 ten entrada no rexistro electrónico xeral da Xunta de Galicia a solicitude, con rexistro de entrada 2021/422840 para a Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a solicitude da mencionada embarcación Iker para a súa inclusión no anexo III: Relación de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira habilitadas para a captura do percebe do plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2021 (en adiante PXI 2021).

O día 05/04/2021 reuniuse, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña que, comprobado o novo permiso de explotación da embarcación, acordou que, ademais da inclusión solicitada no anexo III, deben actualizarse os anexos I e IV do PXI 2021 para adecualo as novas artes da mencionada embarcación.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do plan de xestión integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)).

Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmalle dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a)) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b)).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun plan de xestión integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartados 2 establece que o plan de xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.





O artigo 11 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

**RESOLVO:**

Aprobar a modificación do plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” para o ano 2021, respecto a embarcación Iker, nos seguintes anexos:

- Anexo I: Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira: Eliminar para a mencionada embarcación o palangrillo como arte permitida dentro da Remip.

					ARTES PERMITIDAS DENTRO DA REMIP		
	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULACIÓN	FOLIO	ANZOL	ENMALLE	NASAS
16	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12			NECORACAMARON

- Anexo III: Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, habilitadas para a captura de percebe: Incluir a embarcación Iker no dito anexo.

	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	HABILITACIÓN
35	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12	2

- Anexo IV: Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, habilitadas para a captura de patexo: Eliminar a embarcación Iker no dito anexo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Mercedes Rodríguez Moreda

